

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 10 DE NOVEMBRO DE 2008.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

D. Jaime Pernas Rodríguez

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día 10 de novembro de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES (EXTRAORDINARIA DO 13-10-2008 E EXTRAORDINARIA-URXENTE DO 13-10-2008). ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ós borradores das acta plenarias anteriores (*extraordinaria do 13-10-2008 e extraordinaria-urxente do 13-10-2008*).

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-lo ós borradores das acta plenarias anteriores (*extraordinaria do 13-10-2008 e extraordinaria-urxente do 13-10-2008*).

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RATIFICACIÓN DO REPRESENTANTE MUNICIPAL NOS CONSELLOS ESCOLARES DO C.E.I.P. “PEDRO CASELLES ROLLÁN” E DO I.E.S. “ILLA DE SARÓN”.

Por Secretaría dase conta ó Concello Pleno da proposta da Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

”PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde Presidente do Concello de Xove,

VISTOS os escritos remitidos polo IES “Illa de Sarón” e polo CEIP “Pedro Caselles Rollan” interesando do Concello de Xove a designación dun representante municipal para formar parte dos respectivos Consellos Escolares dos citados centros educativos.

VISTO o acordo plenario de data 22 de xuño de 2007.

Co galo de garanti-la necesaria coordinación entre o Concello de Xove e os Centros Educativos de referencia

Pola presente propono ó Concello Pleno a ratificación do nomeamento da Concelleira Delegada de Educación e Cultura, D^a. María Dolores Meitín Guerreiro como representante municipal nos Consellos Escolares do IES “Illa de Sarón” e do CEIP “Pedro Caselles Rollan”.

Enterado o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, agás a abstención do Sr. Fernández Bouza, acorda aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

3º) ESCRITO REMITIDO POLA DELEGACIÓN PROVINCIAL DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, SOBRE A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NA PARCELA UBICADA NA URBANIZACIÓN PALMEIRO, CEDIDA CON DATA 16 DE MAIO DE 1985 POLO CONCELLO DE XOVE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dase conta ó Concello Pleno do escrito remitido con data 15 de outubro de 2008 (S/RS nº 16039 pola Delegación Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo, polo que se achega proposta de solicitude que deberá contar coa autorización expresa do pleno corporativo para autoriza-la construcción de vivendas de promoción pública (entorno a 10 vivendas) na parcela ubicada na Urbanización Palmeiro, duns 6.220 m² de superficie, cedida gratuitamente polo Concello de Xove, con data 16 de maio de 1985; adicándose o resto dos terreos da parcela á construcción de vivenda de protección autonómica.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde, explícase os membros da Corporación o contido das negociacións mantidas con representantes da Consellería de Vivenda e do Instituto Galego de Vivenda e Solo, sinalando que na súa opinión, a oferta definitiva que presenta o IGVS pode considerarse aceptable.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que en principio está de acordo coa proposta presentada polo IGVS, mais considera que sería lóxico que o Concello e tódolos membros da Corporación tiveran ó seu dispor datos concretos e contrastados verbo da demanda de vivenda, tanto de promoción pública como de promoción autonómica no Concello de Xove.

Rematado o debate, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda amosa-la súa conformidade coa proposta presentada polo IGVS anteriormente referenciada, e autorizar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, para que presente a correspondente solicitude no modelo igualmente remitido polo IGVS, obrante no expediente.

4º) EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DE VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, UBICADAS NA RÚA AGRAMONTE. APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADXUDICATARIOS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dase conta ó Concello Pleno, que sometido o tramite de información pública previsto no Art. 9.3 das Bases Reguladoras, a lista provisional de adxudicatarios aprobada polo Concello Pleno, en sesión de data 13 de outubro de dous mil oito, mediante anuncio publicado no xornal “La Voz de Galicia”, de data 16 de outubro de 2008, non se presentou reclamación nin alegación ningunha contra o antedito acordo plenario, tal e como se acredita na certificación expedida por Secretaría con data 3-11-2008 obrante no expediente.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda elevar a definitiva a lista de adxudicatarios en réxime de aluguer de 3 vivendas de titularidade municipal ubicadas na rúa Agramonte, aprobada con carácter provisional na sesión plenaria de 13 de outubro de 2008.

5º) MOCIÓN DO BNG INTERESANDO ACCIÓNS PARA CORRIXIR E MELLORAR O TRÁFICO DE VEHÍCULOS NO TERMO MUNICIPAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dase conta ó Concello Pleno da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Xove, por medio do seu Portavoz, presenta a seguinte MOCIÓN Relativa á ordenación e sinalización vial.

Por mor da escasa e incorrecta sinalización, así como do estado do firme e da mala visibilidade (causada por diferentes motivos; sinais verticais mal colocados, falta de espellos de visión, etc.), a circulación polas estradas de Xove non se pode efectuar con normalidade, confianza e seguridade. Na Avenida da Deputación, no cruce onde se colle para a Rigueira pasando por Pedride, debería ordenarse o tráfico de tal xeito que se poida circular no sentido Burela-Viveiro por esta avenida ó tempo que se desvían os vehículos cara a Rigueira. É dicir, debería haber dous carrís para evitar os atascos dos que, circulando en sentido Burela-Viveiro, teñen que parar detrás dos que queren saírse cara a Rigueira no cruce mencionado e non poden facelo por terlle que ceder o paso ós que van no sentido Viveiro-Burela.

O mesmo que ocorre no caso anterior, ocorre no cruce da Avenida da Deputación coa estrada que vai cara Sumoas baixando polos Caínzos, así como no cruce das Vivendas sociais-Grupo escolar. Consideramos necesario regular os semáforos posto que o da Rigueira e o de Sumoas teñen un período de tempo no que permiten a circulación ó mesmo tempo, os da Avda. da Deputación obrígnanos a parar dúas veces cando sería normal pasar os dous en verde ou atopar os dous pechados, no da Avda. da Deputación situado no cruce co acceso ó grupo escolar e onde máis infraccións se cometen, até o punto de que consideramos a necesidade dun radar para facer a circulación máis segura.

Ademais, hai algunhas rúas que por riba de non ter beirarrúas, tampouco están pintadas nin tan sequera nas marxes con raia continua para garantir a seguridade dos peóns.

Son precisas algunhas zonas sinalizada e destinada a carga e descarga, así como a ordenación e sinalización con dobre carril nos cruces da Avda. da Deputación.

A urbanización de Palmeiro, así como moitos lugares das parroquias, están totalmente esquecidos no referente a este tema. Só dependen da boa conciencia cívica da veciñanza e da fortuna que teñan ó cruzar ou circular polas estradas.

Por todo o anterior, sometemos á consideración do Pleno a adopción do seguinte acordo :

1.- Que o Concello poña os medios e adopte as accións necesarias para corrixir e mellorar a situación actual do tráfico tanto no casco urbano como nas parroquias.”

Aberto o debate, polo Sr. Fernández Bouza, explicase o contido da moción transcrita, salientando que a mesma pódese considerar como unha exposición xenérica de obxectivos necesarios para mellora-la ordenación e seguridade do tráfico no Concello de Xove, e na súa consecuencia, considera que será necesaria a coordinación tanto coa administración provincial e autonómica, titulares de algunhas das estradas, o estudio pormenorizado dalgunha das propostas reflectidas na moción para acredita-la súa viabilidade, e tamén a colaboración da garda civil para que alomenos a sinalización existente ou que se poda incorporar, sexa cumprida polos usuarios para evitar casos inaceptables como o que está a suceder na travesía de Xove co incumprimento sistemático da sinalización de aparcamento en batería por vehículos pesados.

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza, sinalando que a posta en marcha das melloras propostas na súa moción, non supón un custo económico importante para o Concello, agás o acondicionamento dalgúns viais que se atopan en estado lamentable, como pode ser o acceso ó Apeadero.

Polo Sr. Alcalde contestase que está plenamente de acordo co fondo e contido da moción, salientando que precisamente esta mesma mañá, tivo unha reunión coa Conselleira de Vivenda e Solo, e na mesma doulle traslado dunha proposta de convenio de colaboración para proceder á urbanización integral “soterrado da liña de subministro eléctrico, pavimentación en adoquín,

farolas, etc. “ do vial de acceso ó apeadero, cun presuposto de execución aproximado de 300.000 Euros.

Polo Sr. Alcalde manifestase igualmente que con independencia da contestación da Consellería, ditas obras serán executadas no exercicio de 2009, ó igual que as obras de mellora do viario de Palmeiro.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, manifestando que coa maior brevidade posible, procederse ó estudio das propostas reflectidas na moción transcrita.

Polo Sr. Pernas Rodríguez, manifestase que o seu grupo está de acordo coa moción presentada, recoñecendo igualmente a necesidade de contar coa colaboración das administracións titulares das vías, considerando que tamén é necesario para evita-lo aparcamento de vehículos pesados na Avda. Diputación, proceder á instalación da sinalización vertical, prohibindo expresamente o aparcamento de camiós, remolques ou calquera outro tipo de vehículos ou maquinaria pesada na citada via.

Remata a súa intervención o Sr. Pernas Rodríguez sinalando que á vista do aforo de tráfico existente en Xove, considera que a colocación dun radar é innecesaria por excesiva, sendo suficiente extremar a vixilancia do cumprimento da sinalización existente.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que a maior parte dos problemas de tráfico existentes en Xove, reduciríanse notablemente se o Concello e/ou a Garda Civil vixiaran o cumprimento da sinalización existente; a este respecto o Sr. Ben Fernández pon en coñecemento do Grupo de Goberno, o malestar existente nos titulares de numerosos vados porque a prohibición de aparcar neles, incúmprese de forma reiterada.

Rematado o debate, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

6º) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE A INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE XOVE NO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA Nº1 “A MARIÑA-ORTEGAL” (DESDE RIBADEO A VALDOVIÑO). ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó concello Pleno da proposta da Alcaldía que a seguir se transcribe íntegramente:

“Proposta de Alcaldía sobre adquisición da condición de asociado do GAC nº 1 da Mariña – Ortegal (de Ribadeo a Valdoviño)

Don José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde – Presidente do Concello de Xove (Lugo)

Visto a documentación escrito remitida polo grupo dinamizador GAC nº 1 “a Mariña – Ortegal”, polo que se informa dos requisitos precisos para adquirir a condición de socio e integrarse coma membro do Grupo de Acción Costeira Nº: 1 A mariña – Ortegal.

Considerando a importancia e transcendencia de adherirnos ao GAC de A MARIÑA – ORTEGAL.

Elevo á consideración do Pleno Corporativo a aprobación da seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO E ÚNICO: Manifestar a vontade expresa do Concello de Xove de adherirse ao GAC nº: 1 de A MARIÑA – ORTEGAL, así como de cumprir os fins recollidos nos seus estatutos e demais regulamentos de orden interno.”

Polo Sr. Alcalde Presidente, explicase á Corporación que coa supresión das fundacións comarcais, a maior parte dos fondos europeos, investiranse a través dos GDR (Grupos de Desenvolvemento Rural) e dos GAC(Grupos de Acción Costeira).

O Concello de Xove, xa está integrado no GDR correspondente, e na súa opinión, e necesario e convinte a integración no GAC designado pola Consellería de Pesca.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que o GAC nº 1 “A Mariña-Ortegal” no que se integrará o Concello de Xove, según a información recibida nas xuntanzas mantidas, disporá duns fondos aproximados de 4 millóns de Euros nos próximos 4 anos, para inversións directamente relacionadas co sector pesqueiro, nos concellos integrantes do mesmo, razón pola cal non é de esperar grandes inversións no Concello de Xove, a través desta vía.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo considera que o Concello de Xove ten que estar presente e polo tanto integrarse no GAC, aunque tamén considera a escasa contía das inversións reais que podan vir para Xove, dubidando igualmente da operatividade e funcionalidade deste tipo de órganos á vista da gran cantidade de concellos, administracións, sindicatos, confrarías e asociacións de todo tipo, integrantes do mesmo.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase que mais aló das dúbidas que se poidan ter sobre o funcionamento deste tipo de órganos, o que está fora de dúbida é a necesidade de harmonizar e coordinar a actuación das distintas administracións públicas na inversión de fondos europeos que teñen como finalidade ou como obxectivo a mellora dun sector tan importante como é o Sector Pesqueiro.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación dos seguintes asuntos:

7º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, VERBO A CELEBRACIÓN DO 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó concello Pleno da moción do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

**25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 25 de novembro, Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, ten que ser unha data de compromiso dos gobernos co conxunto de organizacións sociais e da cidadanía en xeral para a sensibilización e a actuación respecto do grave problema que constitúe a violencia machista.

É, pois, unha data para a denuncia activa de toda a sociedade en contra da violencia que se exerce contra as mulleres en razón do seu xénero.

Todas, todos, podemos facer algo contra a violencia machista

Os cambios e avances no tratamento legal da violencia de xénero, os recursos creados para atender as mulleres en situación de violencia de xénero, as campañas de sensibilización e os pasos que se deron para avanzar na consolidación dos dereitos das mulleres son necesarios para loitar contra este fenómeno, mais é necesario optimizar o seu uso e achegalos con maior eficacia ás mulleres.

Por outro lado, a prioridade das accións políticas que se dirixen á atención das mulleres que padecen a violencia machista é tal que non deben verse influídas por conxunturas económicas, antes ben, poñen en evidencia a necesidade de atender con maior eficacia á hora de prestar os recursos, aínda en momentos de crise.

O papel que teñen os Concellos é fundamental, pois desde eles pódese garantir a atención, o acceso aos recursos e a prevención directamente. Así poden constituírse en modelo para todas as veciñas e veciños na actuación eficaz e posta en marcha de políticas de intervención reais e que sexan eficaces á hora de mentalizar na prevención da violencia e actuar coordinada e axilmente ante situacións deste tipo.

Este compromiso é fundamental á vista das cifras de denuncias realizadas e cifras de casos concretos de violencia que en moitas ocasións acaban coa vida das mulleres a mans das súas parellas ou ex-parellas.

É necesario implicar o conxunto da cidadanía, trasladarlle a información actualizada, e corresponsabilizar os axentes sociais para que poidan intervir directamente sobre os casos que se puideren dar, porque tratándose dun problema de carácter social, imbricado nos valores sociais existentes e cun carácter estrutural, que ten as orixes nas relacións de poder historicamente desiguais entre homes e mulleres, precisa de medidas artelladas desde a propia sociedade.

Temos que construír unha sociedade onde o centro sexan as persoas, sen distinción de sexo, e igualitaria.

É por isto polo que cómpre a implicación de todas as administracións, tamén das municipais, no desenvolvemento de actuacións encamiñadas a previr e paliar esta situación. E son tamén os Concellos quen poden artellar mecanismos de responsabilización e implicación de toda a cidadanía para acabar coa violencia machista.

En consecuencia o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Mellorar a efectividade das accións contra a violencia de xénero a través da creación de protocolos locais e/ou comarcais que incorporen os recursos sanitarios, sociais, educativos e de seguridade, e que teñan como finalidade axilizar o acceso á atención e aos recursos para as mulleres que padecen a violencia machista.”

Aberto o debate, polo Sr. Fernández Bouza explicase brevemente as razóns e contido da moción transcrita.

Polo Sr. Alcalde Presidente, contestase que o Grupo de Goberno está plenamente de acordo coa moción transcrita, pero considera necesario por de manifesto as seguintes aclaracións:

Dende o concello de Xove estase a traballar por acadar un tratamento integral na atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero mediante:

- A Comisión de Goberno do 4 de novembro aprobou o II Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, que consta dunha área específica dirixida á prevención da violencia de xénero e atención ás vítimas, que recolle entre outras actuacións, a coordinación e colaboración con outras entidades para procurar a asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
- O Punto de Información ás Mulleres do Concello de Xove ten como funcións informar sobre os recursos específicos para mulleres, colaborar na asistencia integral ás vítimas e no desenvolvemento de actividades que teñan como obxectivo prioritario a promoción da igualdade entre mulleres e homes.
- Dende o Departamento Municipal de Servizos Sociais como dende o PIM non se rexistrou ningún caso de violencia de xénero ao longo do ano 2008. Existe unha boa coordinación entre os diferentes departamentos municipais implicados e as forzas de seguridade (Garda Civil) no

tratamento dos casos de violencia habidos no noso concello.

- Consideramos que nun concello de 3500 habitantes é necesaria a coordinación para o tratamento integral ás vítimas de violencia de xénero. A creación dun protocolo de actuación debería elaborarse a nivel de organismos autonómicos para acadar unha participación integral de todos os recursos implicados (sociais, sanitarios, educativos e de seguridade)

Polo Sr. Pernas Rodríguez, manifesta que persoalmente ten constancia pola súa condición na anterior lexislatura de ex-Tenente de Alcalde, e na presente lexislatura pola súa condición de Concelleiro, ademais da información da que dispón no exercicio da súa profesión de avogado, que os Servizos Sociais do Concello de Xove, no pasado e na actualidade están a desenvolver un labor exquisito na loita contra a violencia de xénero, e no apoio de todo tipo (psicolóxico, económico, xurídico, etc..) ás vítimas de dita violencia.

Remata a súa intervención o Sr. Pernas Rodríguez manifestando que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción, aínda que considera que do teor literal da mesma, poderían xurdir problemas competenciais con outras administracións.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase que na súa moción non se critica en absoluto o funcionamento dos Servizos Sociais Municipais ou do Punto de Información á Muller, engadindo que descoñecía a aprobación do segundo plan municipal para a igualdade de oportunidade entre mulleres e homes.

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza, que non ten inconveniente en considerar que o citado Plan poida substituír o protocolo ó que se fai referencia na súa moción.

Rematado o debate o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

8º) CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE-SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE XOVE, SOBRE A ASUNCIÓN DOS CUSTOS DE MANTEMENTO DO CENTRO DE SAÚDE DE XOVE.

Polo Sr. Alcalde Presidente, dáse conta do modelo de convenio pactado no seo da Comisión Mixta entre a FEGAMP e a Consellería de Sanidade para, no eido do desenvolvemento de pacto local, acadar o obxectivo de que a partires do 1 de xaneiro de 2009, a Consellería de Sanidade asuma íntegramente os gastos de mantemento dos centros de saúde que na actualidade supoñen un coste económico importante para os Concellos.

Sinala igualmente o Sr. Alcalde que no citado convenio recóllese a necesidade de que o Concello de Xove ceda gratuitamente ó Servizo Galego de Saúde, dependente da Consellería de Sanidade, a titularidade do Centro de Saúde de Xove.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade do seu número legal de membros, acorda aproba-lo proxecto de convenio entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde, e o Concello de Xove, sobre a asunción dos custos de mantemento do Centro de Saúde de Xove, e na súa consecuencia asume as obrigas reflectidas no mesmo, e expresamente aproba a cesión gratuíta a favor do Servizo Galego de Saúde, da titularidade do Centro de Saúde de Xove, nos termos e condicións sinalados nos artigos 109 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais e nas cláusulas do propio convenio, facultando expresamente ó Sr. Alcalde Presidente D. José Demetrio Salgueiro Rapa para a formalización de cantos documentos de carácter público ou privado sexan necesarios para e execución do presente acordo.

9º) ROGOS E PREGUNTAS DO BNG

Por Secretaría dáse lectura íntegra ó escrito de Rogos e Preguntas presentado polo voceiro do grupo municipal do BNG con data 5 de novembro de 2008 (R.E. 3941) e das contestacións por escrito formuladas polo Sr. Alcalde-Presidente, que a seguir se transcriben:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do grupo municipal do B.N.G. de Xove presenta os seguintes rogos e preguntas para o próximo pleno ordinario do mes de Novembro.

ROGOS:

1.- De todas as persoas é sabido que a agrupación de parcelas trae consigo as posibilidades de facer máis rendíbel o traballo no agro. En Xove, non se ten feito nada neste sentido e segundo pasa o tempo, podemos observar o penoso abandono das mellores leiras, chousas e prados de regadío de primeira calidade.

Os tempos leváronnos a demandar extensións máis grandes para rendabilizar o traballo do campo, polo que lle pedimos ó equipo de goberno:

Que faga os trámites e xestións necesarias para acometer a concentración parcelaria naqueles lugares que foron durante séculos traballados con moito esforzo, e que a día de hoxe, concentrando as terras máis productivas, darían traballo e futuro no canto de seguir en decadencia.

- *Resposta: As competencias en materia de concentración parcelaria corresponden á Consellería de Medio Rural non obstante o Grupo de Goberno considera, á vista do resultado de procesos de concentración parcelaria realizados na Mariña nestes últimos tempos, que calquera expediente de concentración parcelaria ten que ser solicitado polos propios afectados que representen senón a totalidade a gran parte da propiedade dos terreos, xa que a imposición deste tipo de actuacións esta condenada ó fracaso absoluto. De tódolos xeitos, tendo en conta os beneficios que unha concentración parcelaria poderá aportar a certos lugares do noso Concello o equipo de goberno comprométese a organizar unhas xornadas informativas no Salón de Actos do Concello para explica-las vantaxes da concentración parcelaria. Tras esas xornadas abrirase un prazo para que os veciños interesados podan inscribirse nun listado para poder evalua-la viabilidade de iniciar un ou varios expedientes de concentración.*

2.- No tocante ó inventario de bens inmobles, tanto rústicos como urbanos, que “DESAPARECEU” do concello, pedimos que se lle dé información completa ó pleno da situación actual na que se atopa.

- *Resposta: Precisamente fai tres días, o pasado venres día 7, a empresa redactora presentou no Concello o documento definitivo que, previa revisión polos técnicos municipais, será sometido a información pública antes de ser elevado para a súa aprobación polo Concello Pleno a ser posible antes de fin de ano.*

PREGUNTAS:

1.- Unha vez máis vémonos na obriga de repetirles, que a auga sae das billas moi turba. Pódese dicir que ás veces sae sucia. Ademais, o clorado é excesivo. É ben sabido o prexuízo que isto entraña para a saúde de toda a veciñanza. O BNG está convencido de que o sistema de clorado non é o máis axeitado para garantir un bo tratado das augas, polo que pedimos que se solucione o problema, e polo anterior preguntamos:

Cando se pensan limpar os depósitos e cando se farán as melloras nas instalacións que garantan un clorado homoxéneo, para que non teñamos que soportar estas variacións na calidade das augas?

- *Resposta: Reiterando contestacións anteriores comunícolle que o servizo municipal de augas leva un control rigoroso da cloración, que se fan controis complementarios por parte dun Laboratorio homologado a maiores dos controis oficiais realizados pola Consellería de Sanidade non obstante é posible e inevitable que cando se producen grandes choivas e tormentas como na semana pasada as augas da traída baixen máis*

turbias sen que elo supoña risco ningún para os usuarios. As obras de limpeza anual dos depósitos xa comezaron.

2.- No 2003 o Bloque Nacionalista Galego, por medio do seu portavoz no Concello rexistrou esta petición antes do período de alegacións: “Que se presente por parte do Concello Alegación á Vía de Alta Capacidade no Enlace Xove Leste para que teña saída á estrada da Rigueira porque consideramos que con unha saída soa no sentido Ribadeo-Viveiro os que veñen no sentido contrario terían que usar obrigatoriamente a saída do Parque Empresarial (Enlace Xove Oeste). Se temos en conta que a parroquia da Rigueira é a mais poboada do concello deste xeito quedaría mellor comunicada.”

Non houbo resposta escrita por parte do equipo de goberno daquel entón.

O BNG de Xove, que sabe é o mesmo tempo que o saiba toda a veciñanza, se os Srs. que naquela lexislatura tiñan a responsabilidade de gobernar, fixeron algún trámite para reclamar este enlace da V.A.C. ó seu paso por Xove. Hai algún documento ó respecto? “

- *Resposta: O enlace entre a carretera da Rigueira e Xove a través dun paso subterráneo ou elevado ou dunha rotonda na Vía de Alta Capacidade Ferrol – San Cibrao proxectada foi solicitado a medio de escrito do Alcalde Accidental D. Jaime Pernas Rodríguez de data 5 de agosto de 2003 (Rexistro de Saída Nº: 1349 do 5/08/2003) e dita petición foi reiterada por escrito do Sr. Alcalde D. Jesús López González de data 10 de Xaneiro de 2005 (Rexistro de Saída nº: 147 de data 11/01/2005). En datas máis recentes por esta Alcaldía se mantiveron varias reunións co Director Xeral de Estradas co mesmo obxectivo sen acadar resultados positivos.*

Coa autorización da Presidencia, polo Sr. Fernández Bouza, preguntase ó Grupo de Goberno se ten coñecemento da aparición de peixes mortos en Lago, tal e como lle ten manifestado un veciño da zona, quen tamén lle comunicou que os axentes de SEPRONA xa se persoaron no lugar dos feitos.

- *Polo Sr. Alcalde-Presidente, contestase que é a primeira noticia que ten deste tema, engadindo que de forma urxente poñerase en contacto co SEPRONA para acadar toda a información posible sobre o tema.*

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e dez minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo